

Libra, Gonzalo Navaza

Luciano Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2011 [2001]). “*Libra, Gonzalo Navaza*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 340-345. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1169>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2001). “*Libra, Gonzalo Navaza*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 159-184.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Gonzalo Navaza. *Libra*
Vigo: Editorial Galaxia**

Luciano Rodríguez

Libra e abril escríbense coas mesmas letras e isto é algo que o lector debe de ter en conta no momento de achegarse á última obra literaria de Gonzalo Navaza (Lalín, 1957). Veremos de inmediato por qué fago esta afirmación aparentemente tan sorprendente.

Gonzalo Navaza, ademais de profesor de Literatura Galega na Universidade de Vigo e crítico literario, é autor de numerosos traballos de lexicografía e toponimia e traductor de textos franceses e ingleses ó galego.

En toda a súa obra de creación, ben sexa poética —*Fábrica íntima* (Vigo: Galaxia, 1991), *A torre da derrota* (Vigo: Xerais, 1992) ou *Libra* (Vigo: Galaxia, 2000)— ou narrativa —*Erros e tánatos* (Vigo: Xerais, 1996) ou a prosa inclasificable do seu *Elucidario* (Vigo: Xerais, 1999)—, Gonzalo Navaza soubo crear un estilo radicalmente persoal e demostrou a súa sabedoría lingüística e o dominio absoluto do idioma. As segundas intencións, os xogos de palabras, a procura de significados ocultos son aspectos que o autor de *Libra* manexa con habilencia. Mais isto en ningún momento debe facernos pensar que considera a creación literaria como un xogo ou un pasatempo. Todos estes recursos, así como outros artificios do verso ou da prosa, teñen en Gonzalo Navaza un dos máis hábiles executores na literatura galega actual, pero sempre están en función dos contidos e non como simples recursos que só manifestarían destreza e habilidade. Recursos ou artificios, xa que logo, ó servicio da mensaxe persoal que se fragua na experiencia individual rigorosamente interiorizada.

O primeiro poemario de Gonzalo Navaza, *Fábrica íntima*, publicado no ano 1991, mereceu o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón de 1989 e foi Premio da Crítica

Española en 1992. É unha obra na que a nivel temático nada é rechamante ou sorprendente, se non é o tratamento particular dos grandes temas universais, isto é: o amor, o tempo e a morte; temas que son tratados desde unha óptica existencial e distanciadora, sabéndose el ser efémero e de paso, pero que quere deixar a pegada persoal, a ollada que se filtra nas palabras do día a día que introduce nos seus poemas no intento de transcender a cotidianeidade. É dicir, o autor entende que as palabras son cinsa da vivencia, pero son o único recurso ante a caducidade do humano; de aí o vicio da escritura, exercicio estéril, mais necesario para non sentir-se/ser sombra total.

E no intento de parar a area da clepsidra, Gonzalo Navaza proponnos *A torre da derrotA*: a torre erguida, desafiante, pero que o tempo derrama, derrota. Todo cae, véncese, pero a palabra queda, emblema desafiante, sombra da memoria, pero sombra que perpetúa o tempo da vivencia plena. Algo permanece despois de todas as derrotas. E iso é o que podemos ver nestes versos-emblema:

*E se acaso rosa caesE
Aire só seríA* (p. 49)

O fráxil é o forte: a rosa é algo máis que a fragilidade da plenitude; algo queda: a necesidade de recrear a rosa da palabra para que renaza nas augas dos ollos do lector que vai seguir fluíndo polas augas do poema.

A torre da derrotA, composto de palíndromos, é un libro arriscado, sen dúbida o exercicio formal máis atrevido que se deu nunca na literatura galega. Pero o poeta deixa ademais emblemas, sinais, inscricións que permanezan e non só formas artificiosas, meros xogos de palabras. Este é o reto.

Se a fragilidade e o perentorio envolve os dous primeiros poemarios de Gonzalo Navaza, en *Libra* imos atopar outra ollada sobre a mesma paisaxe do ser humano.

A xestación do libro comeza a finais de maio do ano 1997, a raíz dun accidente de coche case mortal que o mantén entre a vida e a morte durante uns días. Desta experiencia nace *Libra*, de aí que, con permiso de Luis Rosales, poidamos dicir que *Libra* é tamén o *Diario dunha resurrección*. O poemario nace, por tanto, dunha dura experiencia e a visión e valoración do humano vai sufrir unha transformación radical e drástica en relación cos dous poemarios precedentes.

Libra está composto por trinta e tres poemas, todos eles con título, que funciona como anunciador da intención do autor. “Romana”, “Homenaxe”, “Cantares”, “Fluvial”, “Cidades”, “Tempos de confusión”, “Propósito”, “Oasis”, “Escenarios”, “De obrigada melodía”, etc. son marcas que preparan ó lector para unha determinada lectura; isto é, resumen e avanza os contidos, que son múltiples e variados.

Formalmente tamén é un poemario moi variado, xa que ó lado de textos escritos en alexandrinos, “Rosa común” (p. 13), en hendecasílabos, “Homenaxe” (p. 17), ou combinando hendecasílabos e heptasílabos, “Romana” (p. 9), noutros casos atopamos a construción paralelística, como ocorre no poema titulado “Estrelina da fartura” (p. 15) ou a utilización da aliteración, como en “Vocálicas” (p. 35), texto no que o rebuscamento formal encerra profundos contidos, como podemos observar nunha simple lectura:

VOCÁLICAS

*Cada palabra ar-
de, breve
iris no
sur.
A palabra amaga
sempre
finxin-
do
luz.*

Outras veces atopamos poemas que explotan ó límite os elementos fónicos da linguaxe, como acontece en “De obrigada melodía” (p. 41), onde xoga cos nomes das notas musicais, quizais para suavizar a adustez dos contidos do texto:

DE OBRIGADA MELODÍA
(solfa do fado)

*A neve na noite cae
e fala do sol durmido.
Folerpa a folerpa mido
o azul do seu dondo don.
Fala do sol sumido
sobre o lar desolado
en que resido
coma se fose a idade
a caer.
Eu mido,
só no sollado,
a lena cadencia mol
desa neve, la do sol.
La con que mido o latexo
do meu tempo esfarelado.
O ton do alén, o son calado
da música que vén
do lado do fado.*

Noutros casos, ó cabo, atopamos o recurso da enumeración, como na longa lista de topónimos que figura no poema “Tópica da casa”; ou tamén, como no titulado “Anagramática” (pp. 47-8), composto de dezaseis versos, a utilización exclusiva das letras do nome de Rosalía (de Castro) en diferentes combinacións.

Nos contidos percíbese un desexo, unha necesidade, de ser feliz, como no verso que pecha o poema “Propósito” (pp. 31-2).

que é o primeiro deber o da felicidade.

En resumo, a afirmación, a plenitude, o saberse ser privilexiado por gozar da vida.

Cremos que o texto que mellor define e resume toda a armazón desta filosofía vital é a composición “De certo” (pp. 19-20):

DE CERTO

*Algún día estiveches convencido
—na hora intacta da mañá clara
en que o coñecemento era sede de certezas—
de que vida e canción
non eran conciliables.*

*Nos campos desa crenza
madurecía alegre
o froito temperán da inxenuidade.
Coas feridas do corpo, coa doída memoria,
co reverso das lapas que iluminan a ausencia
corroborabas triste a sentenciosa máxima
do papagaio verde no balcón do poeta.
No xardín calcinado das íntimas derrotas
cultivabas atento a floración de estrelas
alleas ó balbordo das ondas no cantil.*

*Tivo que vi-la vida coa súa pouta mestra
a aprenderche por fin que estabas confundido,
que sen canción o mundo non ten perfil nin portos,
que as pontes entre os corpos están feitas de labios,
que só na voz se erguen os soños en que ardemos,
que só sobre as palabras se constrúe a esperanza.*

Nos albores —nacemento, mañá— o poeta críase dono de coñecementos e certezas; a arrogancia da idade facía que se sentise señor da vida, case eterno, e por iso "... vida e canción / non eran conciliables". Todo era froito da "inxenuidade" e nada lle metía medo. Pero chegou a vida coa súa pouta severa e fixo cambiar o "credo"; por iso que agora pense

*que só na voz se erguen os soños en que ardemos,
que só sobre as palabras se constrúe a esperanza.*

Ou se queremos, a vida pasa, as palabras fican, e nelas queda gravada a efixie da vida que pasa e flúe.

¿Como se recuperan —reinstauran— os ámbitos da vivencia? Diciamos que o poeta decidiu reconciliarse coa vida e agora fai unha valoración dos feitos, persoas e vivencias que outrora non tería considerado como motivos de canto, porque a vida ía por outros camiños, ou iso cría. Agora decide, en definitiva, facer balance coa "Romana" (pp. 9-10) da vida:

[...]
*sopeso a gravidade
da verdade e a mentira
na simple balanza do meu corpo de home.*

E decide buscar a voz en “Cantares” (pp. 11-2) porque

*Na madura estación, no tempo da vendima
regresas ó lugar e alí te reconeces
nas voces dos demais.*

E estas voces son as do pai, as da nai do poeta morto, as das paisaxes da infancia e as do ambiente familiar no que viviu nunha época pasada. A elas quere render agora cumprida memoria.

A amizade recréase en “Escenarios” (p. 43), poema que nos fala da vivencia plena e xenerosa da mocidade compartida, que foi esmorecendo co pasar dos anos, pero que segue florecendo na rosa do poema.

Outras veces será o amor a máquina que mova o sentimento de complicidade; sexa o amor ó ser querido, ás paisaxes amadas ou ás cousas pequenas de cada día que o acompañan nas horas difíciles. Na procura da luz, da plenitude e da harmonía, o poeta compón as notas acompasadas con tenrura, con algo de humor e cunha profunda filosofía vital de fe e afirmación, que resume no poema “Decálogo” (pp. 71-2):

DECÁLOGO

*Escandir, esconder as palabras da dor
coa cautela de quen inda ten esperanza
e celebra-la vida e os seus íntimos lumes
coma milagres mínimos,
máis seguros, máis certos.*

*Soñar que se é feliz.
Despreza-lo valor que dá o resentimento,
alimentar unha ave de mirada limpísima
e elevarse no ceo coa memoria das cousas
espidas de sospeita,
contra a luz liberadas.*

*Contemplar dende a altura a dimensión humilde
do labor de vivir e os seus mil pormenores,
o entusiasmo, o fervor, as alegrías breves,
a maldade dos torpes, o soño esfarelado
sobre o río das horas.*

*Calibrar na distancia a medida dos actos
mesquiños dos humanos e o termo das intrigas,
o corazón a salvo de enganos e vilezas,
entregado ós espellos, á música das augas
e ás máscaras implícitas.*

*E ó cabo regresar ó teu lugar, que é este,
pra saberes que es terra, que a terra te reclama
con voz grave que emerxe dende o fado e que esixe*

*recoñecer nos outros o neno que acubillan
e pedir en amor o teu quiñón do mundo.*

E pedir en amor o teu quiñón do mundo.

“Escandir”, “esconder”, “celebrar”, “soñar”, “elevarse”, “contemplar”, “calibrar”, “regresar”, “recoñecer”, e “pedir” o amor e o dereito —desexo— de ser feliz ou procurar selo.

Libra é o equilibrio perfecto entre logros e perdas, entre plenitudes e derrotas que son asumidas sen traumas e como aprendizaxe de vida.

En *Libra* abril non é o mes máis cruel senón a necesidade de celebrar a vida, sabendo que esta se compón de sombras e de luces.